

Entroido

en Galicia

Onde ir
Que ver



FOTO: CARLOS G. HERVELLA

Masks. Alas y viento C. II, en Galicia

Viaxe polos valores e cultura da máscara

PÉS DE FOTO:

Imaxe da primeira exposición *Masks* no Museo da Universidade de Valladolid. Abaixo, cartel de “Masks. Alas y viento Collection. Nacho Rovira II”, no Museo do Pobo Galego, en Santiago.



TEXTO: Ángeles Rodríguez
FOTO: Carrera Grandes

A parecen en contextos rituais moi diversos e ao longo do ano. Pero, sen dúbida, o Carnaval “segue sendo o rei da máscara”, di a antropóloga Pilar Panero, comisaria da exposición “Masks. Alas y Viento Collection. Nacho Rovira II”, que poderá visitarse ata o 26 de abril no Museo do Pobo Galego, en Santiago de Compostela. Achega 66 máscaras europeas, das que 54 son do coleccionista e viaxeiro catalán Nacho Rovira (cedidas de forma altruísta) e o resto dos fondos do museo, “pezas que o público non ve pero que son parte da colección que atende e consente a súa conservadora, Belén Sáenz-Chas Díaz”, aclara a comisaria.

Esta é a segunda mostra do proxecto *Eramus+ Unveiling the Arts and Works behind the MASKS*, tras a realizada no Museo da Universidade de Valladolid, con 38 máscaras (da colección privada de

Rovira adquiridas de artesáns do citado proxecto) e aberta ao público ata febreiro de 2025.

“É un soño que esta nova mostra se faga no Museo do Pobo Galego porque é unha institución que admiro desde hai anos e que teño moi presente porque uso os seus fondos nas miñas clases. O equipo volcou e fixo un gran esforzo aceptando unha proposta externa”, resalta Panero. Nela incorpóranse máscaras portuguesas como o *Bugio* e o *Canhoto*, 4 de Italia, 1 de Romanía e 6 de España, entre elas as de Volante e Follateiro, que se unen así ás de Boteiro, Pantalla e Peli-queiro que xa estaban na primeira exposición. “A maioría das máscaras pertencen ao Carnaval en sentido amplo, pero hainas tamén de Corpus Christi”, prosegue Panero. Todas elas, agás *L’ultima ossa D’Ordino* (Andorra), pertencen aos países socios do proxecto (Romanía, Portugal, Italia e España).

